As fases que hai que seguir no proceso de elaboración do plan de convivencia poden resumirse no seguinte cadro:

| | FASES DA ELABORACIÓN | REFERENTES OU INSTRUMENTOS QUE HAI QUE UTILIZAR |
|---|---|---|
| **1. Sensibilización** | 1.1. Creación da comisión de convivencia que será a encargada do traballo e divulgación deste entre a comunidade educativa.<br>1.2. Sensibilización sobre a necesidade de promover unha convivencia positiva.<br>"QUE" E "POR QUE" DO PLAN | • Constitución da comisión de convivencia<br>• Campaña de sensibilización.<br>• Reunións explicativas con distintos sectores da comunidade educativa: ciclos, departamentos, titorías co alumnado, ANPA...<br>• Cuestionario de convivencia masivo . |
| **2. Diagnóstico** | 2.1. Diagnóstico da situación en todos os ámbitos de relevancia para a convivencia. Analizar a realidade, aspectos que funcionan, dificultades e causas profundas. | |
| | 2.2. Características do centro e do seu contorno.<br>"QUE" E "COMO" SOMOS | • Proxecto educativo do centro. |
| | 2.3. Análise da realidade do centro en materia de convivencia e clima escolar.<br>COMO ESTAMOS | • Modelos de rexistro para a análise da realidade do centro en materia de convivencia e clima escolar.<br>• Cuestionarios para a avaliación da convivencia nos centros educativos.<br>• Entrevistas, enquisa, outros. |
| | 2.4. Análise das medidas e actuacións actuais.<br>QUE FACEMOS | • Normas de organización e funcionamento en vigor.<br>• Informes, avaliacións e memorias dos plans do centro que incidan na convivencia escolar.<br>• Contribucións da comunidade escolar.<br>• Análise de accións que xa se realizan no centro en cada ámbito xeral de mellora da convivencia. |
| **3. Concreción do plan** | 3.1. Definición dos obxectivos do plan e do modelo de convivencia.<br>QUE QUEREMOS | • Valoración das contribucións dos distintos sectores da comunidade escolar.<br>• Priorización das necesidades e obxectivos. Concrecións anuais destes. |
| | 3.2. Rexistro das medidas do plan xa existentes e das novas estratexias de actuación.<br>COMO O FAREMOS | • Propostas de estratexias e actuacións que hai que desenvolver en materia de convivencia escolar. |

| | FASES DA ELABORACIÓN | REFERENTES OU INSTRUMENTOS QUE HAI QUE UTILIZAR |
|---|---|---|
| | 3.3. Detección de necesidades: recursos, protocolos etc.<br>QUE NECESITAMOS | • Determinar recursos materiais e formativos necesarios para o desenvolvemento das liñas de intervención. |
| | 3.4. Planificación, secuenciación e desenvolvemento das actuacións.<br>APLICAMOS | • Programa de intervención que aborde a constitución dunha convivencia positiva, a prevención dos conflitos e a abordaxe destes.<br><br>Resposta ás necesidades prioritarias e plan de formación cando se requira. |
| **4. Seguimento e avaliación do plan** | 4.2. Avaliación cuantitativa e cualitativa do desenvolvemento do plan: revisión, propostas de mellora e continuidade.<br><br>REVISAMOS E PROPOÑEMOS MELLORAS | |